

BASES DO III CONCURSO TOCA CON NOS DO FENEROCK FESTIVAL

A Comisión Organizadora do FeneRock Festival, en colaboración co CPS San Valentín convoca o III Concurso Toca Con Nos, dentro das actividades do FeneRock Festival 2008, de acordo coas bases que a continuación se establecen:

1º Poderán participar todos os grupos de música de calquera estilo musical sexa instrumental ou cantada. Non poderán participar os grupos gañadores de anteriores edicións.

2º As formacións estarán constituídas por un mínimo de tres componentes e un máximo de dez, Ademáis non poderán ter traballos discográficos publicados e contarán cun repertorio mínimo de 60 minutos.

3º Os grupos interesados en participar deberán enviar un dossier con información, unha maqueta e datos de contacto coa referencia "Concurso Toca Con Nos" ao seguinte enderezo.

Centro de Promoción Social San Valentín
Ref/: Concurso Toca Con Nós
Avda. do mar, 31-33 baixo
15500 Fene (A Coruña)

Para calquera dúbida poden dirixirse ao seguinte enderezo electrónico: cpssanva@tiscali.es ou ao teléfono 686 53 03 93 (Maikel).

Establécese un prazo de inscrición dende o 12 de maio de 2008 até o 14 de xuño de 2008.

4º O proceso de selección realizarase en tres concertos, a modo de eliminatoria, o primeiro de cada eliminatoria (un total de tres grupos) realizarán un derradeiro concerto a modo de final (que será o 12 de setembro de 2008 no FENEROCK FESTIVAL) do cal sairá o primeiro clasificado.

5º O xurado estará composto por xente vinculada a cultura, produtoras musicais, radio e un membro da organización do FeneRock Festival, nomeados pola organización do FENEROCK FESTIVAL.

6º A comisión FeneRock, exporá nas respectivas salas e no Centro de Promoción Social San Valentín a relación de todos os grupos participantes que mandaron os seus datos o dossier e a maqueta que participarán no concurso. Así como a evolución do concurso e o nome dos integrantes do xurado.

7º A Comisión Organizadora do FeneRock Festival, porá a dispor dos artistas para a súa actuación o equipo de son. Non será responsabilidade do Festival instrumentos e accesorios específicos que se poidan precisar para o concerto. O día da actuación e das probas de son serán fixadas pola dirección do Festival a orde de actuación realizarase por sorteo e serán inamovibles.

8º Os premios serán:

1º Clasificado:
800 euros en metálico
Gravación dun DVD en directo.

A gravación do material en directo realizarase na VI edición do FeneRock Festival (12 e 13 de setembro de 2008)

Os premios que reciban os gañadores os cobrarán na primeira quenda de outubro de 2008.

Os premios en ningún caso poderán ser cambiados, alterados, compensados por outros, cedidos a un terceiro, salvo que exista acordo por escrito da comisión organizadora do FeneRock Festival e a persoa ou grupo premiado.

9º A participación neste concurso implica a aceptación das presentes bases na súa totalidade. Os grupos interesados en participar nomearán a un representante do grupo que asinará un documento e declaración de aceptación destas bases, así como un permiso de difusión pública dos seus traballos e do seu concerto no FeneRock Festival.

10º Os aspectos que non estean contemplados nestas bases serán resoltos polo dirección do Festival.

11º Todo o proceso será inapelable

O Grupo denominado _____ nome como representante a D/Dna. _____ con DNI _____. Insírbense na III Edición do Concurso Toca Con nós do FENE ROCK FESTIVAL e acepta as presentes bases.

Fene, a _____ de _____ de 2008

Asdo. O/A Representante

Conforme pola organización

TÉLEFONO DE CONTACTO REPRESENTANTE _____.